

A EXPLOSIÓN FEMINISTA NO BRASIL: XENEALOXÍAS TRÁNSFUGAS DA CUARTA ONDA

Heloísa Buarque de Hollanda (org.) (2018).
Explosão feminista: Arte, cultura, política e universidade
(São Paulo: Companhia das Letras)

Coleção «*Pensamento feminista*» (2019-2020).
(Rio de Janeiro: Bazar do Tempo)

#ELENÃO #ELASSIM son algúns dos hashtags que convocaron unha das maiores mobilizacións feministas brasileiras dos últimos anos. O 29 de setembro de 2018 o feminismo botaba un pulso contra o —daquela— candidato Jair Bolsonaro, autor dun extenso repertorio de aldraxes xenófobas, homófobas e misóxinas inusitadas, como a que dirixiu, máis dunha vez, a Maria do Rosário, deputada federal do Partido dos Trabalhadores (PT): «Não estupro porque você não merece». O 14 de marzo dese mesmo ano morría a concelleira Marielle Franco asasinada por unha persoa do círculo Bolsonaro. Ela encarnaba a convicción e a praxe política interseccional. Antes, en novembro de 2017, São Paulo dividírase en manifestacións en contra e a favor de Judith Butler. O conservadorismo sexual relixioso teme ao xénero. #NiUnaMenos é o lema contra o feminicidio na Arxentina desde 2015. A #CzarnyProtest, a folga de mulleres en Polonia, opúxose á reforma da lei do aborto en 2016. #MeToo xurdiu para denunciar a cultura do acoso e a violación en 2017 nos Estados Unidos de América. O #8M de 2018 inunda o estado español, particularmente crispado pola sentenza do xuízo por violación múltiple, coñecido como «La manada». En 2018 había moitas razóns para a ira e a protesta feministas no Brasil. Sumábase así a un longo memorial de reivindicacións e engadía un elo específico á imparable cuarta onda feminista, que atinxiu rapidamente unha dimensión global non prevista coa revitalización do activismo coa mediación imprescindible

das redes sociais. Os feminismos, formulados de maneira global, rearmábanse con novas razóns e este novo momento, denominado cuarta onda, viña acompañado por unha importante renovación da bibliografía teórica, mesmo da popularización e moda do ensaio feminista.

Este é o contexto dos libros que comentamos de Heloísa Buarque de Hollanda. Responden a un momento de debate político moi intenso e polarizado, mais tamén á oportunidade de revisar as xenealoxías feministas no Brasil.

Buarque de Hollanda, intelectual brillante, provocadora, coa mira posta no futuro, non precisa presentación ningunha para quen segue o debate cultural no Brasil. Foi unha das introdutoras da crítica literaria feminista. Coordinou unha antoloxía da poesía contracultural en tempos da ditadura militar. Procurou na edición de libros o que os rigores do tempo universitario non lle ofrecían. Interesouse pola cultura de periferia, é dicir, do marxinal, organizando a Universidade das Quebradas (dependente da UFRJ). Fixo seu o termo *books* para promover unha cultura dixital máis marcada pola democracia que polo desafío elitista puramente tecnolóxico. Promoveu unha antoloxía dixital, *Enter*, que de maneira explícita obrigaba a revisar desde unha praxe electrónica e interdisciplinar o concepto de antoloxía e de autoría literaria no tempo da «palavra expandida». No que ten de estudosa e promotora dunha cultura dixital popular e masiva, ofreceu contribucións que cómpre recuperar e repensar devagariño porque defendía a accesibilidade nun sentido amplo, como teño exposto nalgúns traballos sobre literatura electrónica («La híbrida teorizada. El blog literario como laboratorio de identidades» e «Demolición, hibridación»). Si, tamén é estudosa da literatura, cos seus rigores académicos, e penso nos seus traballos sobre *Macunaíma*, Ana Cristina Cesar e Rachel de Queiroz. A súa traxectoria pódese seguir no volume conmemorativo, *Onde é que eu estou?: Heloísa Buarque de Hollanda* 8.º (Bazar do Tempo, 2019), que recolle textos dispersos da autora.

O estourido da cuarta onda feminista ábrelle a Buarque de Hollanda o reto e a oportunidade de facer historia e memoria do feminismo no Brasil, que deixa de ser unha experiencia á marxe. A biografía canda a

teoría, o persoal marcando polo político, desde ese lugar fala a intelectual nos seus prólogos para *Explosão feminista: Arte, cultura, política e universidade* (2018) e mais para os volumes da colección «Pensamento feminista», da editora carioca Bazar do Tempo, onde se publican escolmas sucesivas dunha xenealoxía feminista: *Pensamento feminista: conceitos fundamentais* (2019), *Pensamento feminista brasileiro: Formação e contexto, da segunda onda feminista ao gênero* (2019), *Pensamento feminista hoje: perspectivas decoloniais* (2020).

«Explosão feminista» paréceme unha fórmula acertada e suxestiva para denominar a cuarta onda. Responde á intención de radiografar un momento histórico no que conflúen feministas de xeracións diferentes e tendencias diversas, mesmo opostas. Ao meu ver o libro ten un grande valor porque prioriza o panorama e o testemuño das voces actuais e deixa para o último capítulo a memoria das feministas de maior idade. Acción e legado feministas, por esa orde, e en primeira persoa. No limiar, dise: «Como vou falar por, ou mesmo sobre, essa geração que me tomou ao assalto?» (p. 12). O lugar de fala. As posicións en primeira persoa. A polifonía no libro como para constituíla en asemblea. O libro, concibido como unha constelación feminista, está saturadiño de nomes e posicións ideolóxicas diversas. Así, por exemplo, o capítulo sobre poesía asínao Julia Klein mas foi feito coa colaboración de once persoas máis. Entre elas está Luiza Romão, autora dun proxecto transmedial singular, *Sangria* (2017), unha revisión da historia do Brasil en vinte e oito poemas, que tamén leva limiar de Buarque de Hollanda. Aínda así, bótanse en falta tendencias e nomes, sobre todo na terceira parte do libro, onde aparecen os feminismos da diferenza. Alén da lóxica das identidades, cumprirá completar con debates que son obxecto de disputas radicais no seo dos feminismos, como as maternidades —incluíndo a xestación subrogada—, a prostitución, o antiespecismo...

A colección de Bazar do Tempo xorde a remol dunha serie creada e coordinada por Djamila Ribeiro: «Feminismos plurais», en Polen Livros, que fora lanzada en 2018 co selo Letramento. Ribeiro fai unha aposta radical: a colección só acolle monografías de intelectuais negras —feminino inclusivo— sobre teoría, xénero, sexualidade e racismo.

Abre a serie o seu fundamental e controvertido, *Lugar de fala* e séguenlle ensaios sobre *Racismo recreativo* de Adilson Moreira, *Encarceramento em massa* de Juliana Borges e *Empoderamento* de Joice Berth, entre outros.

Pola súa banda, a colección que coordina Heloísa Buarque de Hollanda xorde cunha vocación formativa e unha mirada marcadamente americana *lato sensu*. O volume dedicado aos conceptos preséntase como unha antoloxía canónica e, por tanto, abre debate sobre os criterios de selección e a pertinencia da elección. Un dos grandes acertos é o de recoller as propostas e revisións dunha mesma autora, como acontece con Teresa de Lauretis, porén parece difícil reducir a Judith Butler a un só texto e limitar as tendencias actuais á proposta *queer* de Preciado. Mais o realmente significativo do libro atópase no feito de incluír neste volume textos de Lélia Gonzalez e Sueli Carneiro, situando entre as imprescindibles dous nomes brasileiros que artellan as súas achegas feministas desde a idea da *amerifricanidade*, un concepto de Lélia Gonzalez para referirse ao que agora se denomina *afrodescendencia*.

O volume sobre pensadoras brasileiras ofrece unha escolma de nomes imprescindibles entre 1970 e 1990. O limiar da organizadora non aforra memoria nin opinión e finalmente preséntase como una sorte de legado feminista para a xeración máis nova, con poucos nomes e textos extensos. Alí aparecen Constância Lima Duarte, Jacqueline Pitanguy, Bila Sorj ou Rita Terezinha Schmidt. Sitúase a esta última na «tendência arqueológica», polo seu labor de pescuada no arquivo, mais, ao meu ver, cómpre valorar ese tipo de traballos que desmotivan con argumentos e datos as inercias da historiografía ata o punto que algúns traballos de Schmidt obrigan a reconsiderar o relato que facemos sobre a literatura brasileira do século XIX. Este volume de pensadoras brasileiras complétase, en certo xeito, na seguinte entrega, sobre feminismo decolonial. Ábrese aquí un oportuno espazo para pensadoras das Américas, onde aparece María Lugones, por suposto, canda outras voces como Yuderkys Espinosa Miñoso, Julieta Paredes, Oyèrónkẹ́ Oyěwùmí ou a artista Adriana Varejão —a súa peza *Contingente-Linha do Equador* (2001) é unha das obras máis recorrentes na representación artística do

decolonial— e, de novo, Lélia Gonzalez. Sorprende, iso si, a ausencia na colección de nomes como os que participan na colección «Feminismos plurais», sobre todo a de Djamila Ribeiro. Companhia das Letras organizou en maio de 2020 unha conversa entre ambas que se pode consultar no canal de Youtube. Selección é elección, ben se sabe.

Heloísa Buarque de Hollanda actúa nestes libros non só como organizadora senón como testemuño dunha xeración que deixa herdanza e ao tempo lexitima pensadoras e artistas emerxentes. Hai tempo que defendo que pensamento, creación e movemento feministas constitúen as tres puntas dun triángulo que artella en toda a súa potencia os feminismos. Mais, cal é o papel de intelectuais como Buarque de Hollanda? Martine Leibovici matiza o paria de Hannah Arendt —unha figura de exclusión— con outra que conta cun certo percorrido na socioloxía: o tránsfuga. A figura do tránsfuga está condicionada polo desprazamento, a autorreflexión e a súa capacidade para pór en evidencia as tensións entre dúas partes. Coido eu que as antoloxías, os testemuños e os prólogos feministas de Heloísa Buarque marcan un tránsito teórico e político no que as feministas deixaron de ser intelectuais marxinais —parias políticas e culturais— para situarse como tránsfugas nun espacio *entre-deux*, nun lugar mellorado e marcado pola experiencia do desprazamento intelectual da segunda á cuarta onda.

Detrás de toda teoría hai unha biografía. A tránsfuga Buarque de Hollanda ocupa, deste xeito, unha posición privilexiada para mostrar as tensións dos feminismos nos últimos cincuenta anos como demostra nestas publicacións recentes, cheas de múltiples voces, que xorden movidas polas urxencias da cuarta onda, unha onda que podemos denominar «explosión feminista».

HELENA GONZÁLEZ FERNÁNDEZ
ADHUC, Universitat de Barcelona
helenagonzalez@ub.edu